

OS SUFIXOS ALTERATIVOS EN GALEGO

ROSA M^a. LIGERO VALLADARES

O galego, coma o portugués, é unha lingua chea de sufíxos diminutivos, lenes e delicados, áinda que tampouco lle faltan aumentativos rexos e poderosos, ou despectivos capaces de facer dano ó máis forte dos deuses. Neste dominio morfolóxico outras linguas europeas, incluso as de maior prestixio e difusión, non se semellan á nosa ou seméllanse un pouquiño.

Como primeiro paso estableceremo-las características destes sufíxos:

a) Modifican un lexema, pero non lle mudan a categoría, por exemplo: *neno*>*neniño*, *libro*>*librazo*,...

b) A súa entrada só aparece no diccionario cando por causas históricas esas palabras con sufíxos adquiriron un determinado significado e se constituíron como palabras autónomas, por exemplo: *galo*>*galiña*, *fouce*>*fouciño*,...

c) A súa elección depende da vontade do falante, quen engade un matiz novo e persoal a esa palabra.

Vexa o lector que non se trata de puro carío patriótico e permítame que lle presente unha breve comparación.

Cando queremos traducir ó inglés todos estes matices vémonos obrigados a botar man doutros medios, véxanse os exemplos: *homón*>*tall man*, *mulleraza*>*strong woman*, *burrazo*>*great donkey*, *altote*>*very high*, *canciño*>*little dog*, *señorita*>*young lady*,... ¿Expresan estos substitutivos os matices afectivos que pretendemos comunicar? Se miña avoa di que «María é unha señorita» temos que traducilo como *Mary is a young lady*, áinda que a avoa quería dicir que nunca traballa.

Con respecto ó francés atopamos toda unha lista de sufíxos diminutivos:

Principaux suffixes diminutifs:

Suffixes de noms et d'adjectifs: -eau, -eton, -elle, -eton, -elot, -ereau, -erole, -eron, -et, -ette,

-eteau, -eton, -iche, -ichon, -icule, -iculer, -ille, -illon, -in, -iole, -iquet, -oche, -ole, -on, -onnet, -ot, -ule.

Suffixes des verbes: -eter, -iller, iner, -oter, -onner, -ouiller.

Pero observamos a súa limitación en canto a sufíxos aumentativos:

Augmentatifs: Par et re sont des préfixes augmentatifs dans parfaire, persenner, rechercher, ressentir. Il y a également des suffixes augmentatifs -ail, -as, -on: portail (fachada), coutelas (machete), caisson (arcón). (F. Brunot, *La Pensée et la Langue*, p. 657)

Estas palabras que Brunot dá como exemplos de aumentativos son discutibles, porque cando o falante as usa xa non é consciente da derivación alterativa que se debeu producir nalgún momento de evolución da lingua, polo tanto, son palabras con identidade propia.

Pensemos nalgúns exemplos:

Maigre pode presentar varias formas *maigrelet*, *maigrichonne* ou *maigriotte*, en galego «magro» presenta tamén unha rica variedade (magriño, magrecho, magrote, magrico, magrazo, magrón). ¿Pode indicá-lo francés todos estes matices connotativos?

Se encontramos un par de paisanos comentando que había unha «mulleronaza» naquel restaurante, ¿como o traducimos ó francés? *Il y a une grosse femme en le restaurant*.

O castelán está máis próximo a nós en abundancia expresión de afectividade, para iso ten á man un amplo abano de posibilidades en canto a sufíxos diminutivos (-ito, -illo, -ico, -in, -uelo, -ino, -iño, -ajo, -ejo, -ijo) coas súas correspondencias femininas e, ás veces, con incrementos (-c-, -ec, -ecec-) colocados entre o nome positivo e a desinencia;

tampouco lle faltan aumentativos (-azo/a, -ón/a, -acho/a, -ote/a), ás veces empregados con valor despectivo.

Nalgún momento incluso chega á acumulación, por exemplo: *picaronazo, poblachón, chiquitito, plazoleta, callejuela*.

O galego, pola súa banda, non queda atrás en abundancia de sufíxos alterativos:

- * Sufíxos diminutivos: -iño, -elo, -olo, -acho, -echo, -ocho, -UCHO, -exo, -uxo, -ete, -ote, -eco, -ico, -uco.

- * Sufíxos aumentativos: -azo, -ón, -ote, -orro.

- * Sufíxos despectivos: -aco, -acho, -ancho, -astro, -aino, -angro, -engue, -UCHO, -ulle, -ongo, -opo, -oupo, -uco, -uxo, -uzo, -ote.

A rica expresividade connotativa do portugués entriquece a do galego, rodeado por dúas linguas abondosas en sufíxos alterativos.

O galego abusa dos diminutivos e chega ó cúmulo do risible na lingua familiar, é o caso de «pequeneiriño, pequechiño, pequenechiño, pouquerchiño, pouquichiño, pouquenechiño, pouquirichiño» (este último é unha beleza polisilábica de is onomatopeicos, que parecen imita-lo chío dun paxariño).

Canta ironía atopamos en: «Hai homes e homíños». Canta malicia subterránea en: «Ela está gordecha». Que dose de tolerancia rezuma: «O seu pecadiño de tó dolos días era fumar un cigarro despois das comidas». E para arredondar, que pensar de «Xosecíño» cando o usamos para abranda-lo noso contrincante.

Deixando a un lado os diminutivos técnico-eruditos procedentes do latín (tipo «minúsculo, aurícula, lóbulo, película»), nótense que son case intraducibles os aumentativos-diminutivos do tipo «porcallonciño, rillotiño, gordechiño, fedellonciño...». Cando a avoa lle rifa ó netiño, que emborcou o leite sobre a roupa nova, claimando: «Ah, porcallanciño!», a traducción parafrascada é: «non nego que el é porcallán» (aumentativo), «pero quérolle tanto que llo perdoo» e engádelle un -ciño, (diminutivo e moderador).

En canto ós aumentativos, que riqueza de matizes apreciativos atopamos en termos tan poderosos e explosivos, de tanta densidade semántica, coma: mullerón, viñazo, homazo, festón, tapazona, mangallón, toleirón.

Canto vinagre se acocha nos sufíxos despectivos de: maricallo, pendanga, casoupa, comechón..., que marcan unha valorización e categorización do obxecto.

Queda claro que os galegos somos xente agarrímosa de noso, así o demostra o abondoso uso dos diminutivos, pero «a vaquiña polo que vale», cando alguén nos amola tamén sabemos como escorrentalo e para iso só hai que ir ós maios ou escoita-las coplas do antroido, que veñen lembrarnos aque-loutras que na Idade Media se chamaron de escarnio e maldicer e nas cales xa se atopaban numerosos exemplos destes sufíxos: jograrete, jograron, galion, falconcinho, galguinho, citolon,... ¡Cantos matices expresivos se acochan tras deles!

Esta leiría ten herbíña abondo para cortar pero por hoxe quedo aquí. Por iso, ¡adeusíño! ou ¡aburriño!, que son tamén diminutivos de grande intensidade afectiva, máis bonitos có italianoismo que agora está tan de moda, «chao», que xa empeza a aparecer na súa forma diminutiva «chauciño», o mesmo que «hasta lueguiño»...

BIBLIOGRAFÍA

AAVV: *Le grand Robert de la langue française. Dictionnaire alphabétique et analogique de la langue française. Entièrement revué et enrichié par Alain Rey*, Paris, deuxième edición. Volumes 3 et 9.

ÁLVAREZ, Rosario, MONTEAGUDO, Henrique e REGUEIRA, Xosé Luís: *Gramática galega*, Vigo, Galaxia, 1986, p. 85-93

CUNHA, Celso e LINDLEY CINTRA, Luís: *Nova gramática do português contemporâneo*, Lisboa, Ed. Sá da Costa, 1984, sétima edición, 1990.

DAVAN, Maurice, COHEN, Marcel et LALLEMAND, Maurice: *Dictionnaire du français vivant*, Paris, Bordas, 1972.

REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: *Diccionario de la lengua española*, vol. I, Madrid, Espasa-Calpe, vigésima edición, 1984.

- *Comisión de gramática. Esbozo de una nueva gramática de la lengua española*, Madrid, Espasa-Calpe, 1986.

REAL ACADEMIA GALEGA: *Diccionario da Real Academia Galega*, Vigo, Xerais e Galaxia, 1997.

ROBERTSON, Richard: *Dictionary English-Spanish and Spanish-English*, Barcelona, Sopena, 1965 (Revised, enlarged and put up to date by L. Jordá).

TAVANI, Giuseppe: *A poesía lírica galego-portuguesa*, Vigo, Galaxia, 1988 (Traducción de R. Álvarez e H. Monteagudo).